



As duchas pre-pago seguen sendo motivo de discusión entre goberno e oposición. Recentemente o PSOE de Nigrán denunciaba un presunto fraude na contratación e manifestaba ter iniciada unha denuncia ante a fiscalía ante o informe negativo de intervención, feito que foi desmentido polo alcalde de Nigrán que asegurou que a contratación conta con todos os avais técnicos e xurídicos, e engadiu que a súa financiación por parte de Augas de Galicia non corría perigo pese a superar o prazo inicial do mes de decembro de 2012.

Co xeito de demostrar o ingreso feito efectivo por parte de Augas de Galicia, o alcalde Alberto Valverde fotografouse sostendo unha copia do estado da conta bancaria da administración local. No mesmo documento aparece o ingreso de 59.807,88 euros provenientes da Xunta de Galicia por mor do convenio asinado por ambas as dúas administracións cara a abonar os gastos da instalación.

A fotografía deixaba O erro espertou as críticas do PSOE que cualificou como unha “auténtica irresponsabilidade”, por parte do alcalde. *“Alberto Valverde non é consciente do risco que pode supoñer facer públicos deste xeito as contas da entidade municipal que non é mais que as contas de todos os veciños e veciñas de Nigrán”* alertou o concelleiro socialista Juan González unha vez que a fotografía tomara estado público.

A oposición teme o uso fraudulento dos devanditos datos bancarios, que xa teñen un antecedente recente no baleirado, por parte de “hackers”, da conta bancaria do Concello de [Cerdedo](#) no pasado mes de outubro. Tamén a domiciliación fraudulenta de recibos é outra acción moi denunciada por parte de persoas que foron obxecto destas estafas e que facilitaron os seus datos bancarios por teléfono para a contratación de servizos inexistentes.

### O PSOE mantense firme na irregularidade do contrato

*"Será la Fiscalía la que finalmente determinara si Alberto Valverde realizó una contratación legal, tal como el indica, o irregular tal como consideramos desde la oposición y como así opinan los técnicos municipales que con sus informes advertían y advierten a Alberto Valverde"* . Segundo sinala González, o feito de que Augas de Galicia tivera ingresado unha subvención a pesar de que o convenio explicitara a condición de que estiveran instaladas antes do 31 de decembro de 2012,

*"viene a demostrar el doble rasero que utiliza la Xunta de Galicia a la hora otorgar subvenciones, a la hora de justificarlas y la la hora de abonarlas ya sean ayuntamientos gobernados por el Partido Popular o por otros grupos políticos."*

**Actualización:** O día 12 de abril, o gabinete de prensa do concello de Nigrán solicitou a esta redacción a retirada da imaxe publicada porque consideran que non estaba autorizada e que incumpría a lei de protección de datos. □ Esta redacción quere aclarar que a imaxe do recibo escaneado foi remitido a esta redacción até en tres ocasións e por dúas fontes distintas: A primeira vez foi remitida polo propio gabinete de prensa do Concello e nela aparecían os datos bancarios sen ocultar e unha imaxe do alcalde de Nigrán co documento na man, a segunda ocasión foi remitida polo mesmo gabinete de prensa solicitando unha rectificación do documento anterior e adxuntando un novo documento autorizado (co nome Justificante OK.pdf) onde aparecían os datos da conta bancaria e o saldo ocultos (unha imaxe similar á que publicou inicialmente valminor.info nesta nota de prensa), e a terceira e última foi remitida nun comunicado de prensa do PSOE de Nigrán, contido reflexado nesta mesma noticia, onde aparecían os datos sen ocultar.